

## **CIRCULAR 67 – 2020. ANEXO CIRCULAR 66 – 2020**

### **HORARIO DO CTO. DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA AO AIRE LIBRE.**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** O día 22 de novembro celébrase o Campionato de Galicia de marcha en pista, na pista de atletismo do CGTD de Pontevedra.

**Art.2).** O horario do Campionato é o seguinte

<b>HORARIO DO CTO. DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA</b>			
<b>HORA</b>	<b>PROBA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>SEXO</b>
09:45	1.000m	Sub 10	Mixto
09:54	2.000m	Sub 12	Masc.
10:09	2.000m (Final A)	Sub 12	Fem.
10:24	2.000mv (Final B)	Sub 12 e Sub 14	Fem.
10:40	2.000m (Final A)	Sub 14	Fem.
10:55	2.000m	Sub 14	Masc.
11:11	3.000m (Final A)	Sub 16	Fem.
11:30	3000m e 5.000m (Finais B)	Sub 16 e Abs (Sub 18 e superiores)	Fem.
12:08	5.000m (Final A)	Abs (Sub 18 e superiores)	Fem.
12:43	5.000m (Final A)	Abs (Sub 16 e superiores)	Masc.
13:11	5.000m (final B)	Abs (Sub 16 e superiores)	Masc.

**Art.3)** Cada atleta retirará os seus dorsais na cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de **Declaración Responsable**. Os atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización de forma totalmente visible por diante e detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.4).** O aforo será controlado e limitado pola listaxe de solicitude, xa que polas especias circunstancias actuais, a limitación da grada está reducida a 120 persoas. Establécese para elo a petición de cita previa na páxina [web de atletismo.gal](http://web.de.atletismo.gal), para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes (estando permitidos dous por club).

**Art.5).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.6)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 19 de novembro de 2020